

11.- O Obradoiro exporá virtualmente as mellores fotos presentadas **na Web [www.estudioslocais.org](http://www.estudioslocais.org)** , **Instagram** e no **Facebook** e tamén fisicamente nun lugar elixido para tal ocasión, indicando sempre o nome do autor das mesmas.

12.- Os participantes **autorizan o uso** ó Obradoiro, de todas as fotos presentadas, así como os dereitos de reprodución , distribución e comunicación pública, e calquera outro dereito de divulgación que puidera ter lugar. Igualmente ceden o dereito de transformar a fotografía a soporte dixital para a súa publicación no portal de Internet e nas redes sociais do Obradoiro.

13.- Os participantes ó concursar eximen totalmente ó Obradoiro de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou outra transgresión da lexislación vixente dalgún dos participantes.

14.- Todas as continxencias non previstas nestas bases serán resoltas pola **Xunta Directiva** do Obradoiro, sendo as súas resolucións igualmente inapelables.

15.-Non terán validez as fotos que presenten unha clara manipulación

por programas informáticos e/ou mecánicos.

16.- As **bases** permanecerán visibles dende a **páxina Web e o facebook do Obradoiro** mentres que dure o concurso fotográfico. A participación neste concurso implica a **aceptación destas bases**.



Colabora Concello  
de Redondela

**Cño. A Cavada,10**  
**O Coto- Cesantes-36693**  
**Redondela (Pontevedra)**

**Tfnos: 639 07 72 18**  
**629 53 71 93**

**Web: [www.estudioslocais.org](http://www.estudioslocais.org)**

**[obradoiro@estudioslocais.org](mailto:obradoiro@estudioslocais.org)**

**Obradoiro de Estudos Locais**  
**Fernando Monroy**



# XVIII-CONCURSO FOTOGRAFICO

**Organiza:**

**Obradoiro de Estudos  
Locais Fernando  
Monroy**



**Mellor  
foto  
XVII  
Edición:**

Oscar Alonso  
Cabalero

**TEMÁTICA  
LIBRE**



## Bases do concurso:

1.- O **Concurso Fotográfico** do Obradoiro de Estudos Locais Fernando Monroy, ademais de ter por obxecto **incentivar a actividade fotográfica**, busca conseguir as mellores instantáneas e **potenciar así a súa difusión e coñecemento**, todo conforme ás bases que se presentan nesta convocatoria.

2.- Os participantes serán todas aquelas persoas interesadas no concurso, non sendo preciso ser socio do Obradoiro, quedando encadradas en dúas categorías: **Xuvenís ata 17 anos inclusive e adultos ou maiores de idade**.

3.- As fotos **deberán ser inéditas**, sendo **rexeitado** todo aquel material que non cumpra os requisitos preestablecidos.

4.- Poderán presentarse un máximo de **4 fotografías** por concursante. **Enviaranse, obrigatoriamente nos dous formatos: Dixital e Impresas**. As fotografías en formato dixital poderán enviarse en calquera soporte de almacenamento dixital **ou por email o correo do Obradoiro**.

([obradoiro@estudioslocais.org](mailto:obradoiro@estudioslocais.org))

As fotografías impresas non poderán exceder do tamaño **estandar 20x30 cm**

(Aprox. DIN A 4) en papel fotográfico e presentar obrigatoriamente sobre **soporte ríxido** cartón pluma, paspartú ou cartolina.

5.- Os sobres coas fotos poderanse entregar tanto persoalmente, como enviar por correo ordinario ó enderezo do **Círculo Cultural D. de Cesantes: Estrada Cesantes, nº 28 C/P 36693 Cesantes, Redondela (PO)**.

Horario de entrega de 15:00 a 21:00 h. Tamén na **farmacia de I. Muiños** (Cesantes) e nas tendas de **fotografía, Cal-3 e S. Bastos** en Redondela.

6.- Para garantir o anonimato dos traballos, todas as fotos, deberán ir identificadas por un **pseudónimo**, e un título para cada fotografía. Toda a obra deberá ir acompañada dun sobre pechado identificado por fóra co pseudónimo do/a concursante. Dentro do sobre, nun folio incluíranse os seguintes datos:

- 1.Nome e apelidos
- 2.Pseudónimo
- 3.D.N.I.
- 4.Data de nacemento
- 5.Enderezo
- 6.Correo electrónico
- 7.Teléfono de contacto
- 8.Título da obra e breve reseña.
- 9.Lugar onde foi tomada a foto

7.- O **prazo** de presentación das fotografías **remata o xoves día 2 de novembro do 2023**.

8.- Os premios serán fallados polo xurado, nomeado pola Xunta Directiva.

O xurado realizará unha selección previa das fotografías, e sobre estas, outorgará os premios existentes, sendo o seu fallo inapelábel.

9.- Entregaranse os seguintes **premios** por valor de **775 €** repartidos en:

**-Premio á Mellor Fotografía 250 €**

Categoría Adultos:

**-1º Premio Adultos 150 €**

**-2º Premio Adultos 125 €**

**-3º Premio Adultos 100 €**

Categoría Xuvenís

**-1º Premio Xuvenís 100 €**

**-2º Premio Xuvenís 50 €**

Os premios non poderán ser declarados desertos, e a mesma persoa non poderá ser motivo de máis dun deles.

10.- As fotos premiadas serán elixidas a **mediados de novembro do 2023** e colgado o fallo na **Web , Instagram e no Facebook do Obradoiro** para as súas consultas.

A **entrega de premios** ós galardoados, que serán avisados coa suficiente antelación, farase durante un evento organizado a tal efecto polo Obradoiro.